



A organización sindical CIG solicita o seguinte:

*"O feito deter que gardar corentena ou ter que agardar por unha PCR logo de dar positivo nun test serolóxico ou ter que atender calquera obriga confinatoria de carácter legal non debería nunca supoñer ningunha discriminación para o persoal interino e substituto.*

*Por este motivo, solicitamos que se diten instrucións por parte desa Dirección Xeral no sentido de que todo o profesorado interino e substituto poida tomar posesión do seu destino no caso de atopar nalgunha das situacións descritas anteriormente e que o tempo que medie até a súa incorporación ao centro compute a todos os efectos e sexa retribuído. Dada a situación, a toma de posesión debe facerse obviamente por vía electrónica."*

A actuación da Consellería será a seguinte:

1. O persoal que sexa nomeado interino ou substituto é estea contaxiado polo virus COVID-19 ou estea en corentena por ter contacto directo con persoa positiva no COVID-19, deberá comunicalo no momento do chamamento.
2. Estas persoas consideraranse que toman posesión e remitirán a documentación pertinente á xefatura territorial correspondente e deberá xestionar a correspondente incapacidade temporal, de conformidade co establecido no artigo quinto do Real Decreto-Lei 6/2020, 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública.
3. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos procederá á cobertura automática das vacantes xeradas por estas incapacidades temporais polo tempo que dure a substitución ou ata que remate a incapacidade temporal.
4. A efectividade da toma de posesión queda condicionada a que a persoa achegue no prazo máximo de cinco días naturais dende o chamamento o corresponde parte de incapacidade temporal.

O subdirector xeral de Recursos Humanos

José Luis Canosa Baldomir

